[XASM/MCSG]

Na sala "A" de comisións do pazo do Parlamento de Galicia, co fin de constituír a Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia, o día 8 de outubro de 2020, ás 13:00 horas, reúnense os deputados e deputadas designados por cada un dos grupos parlamentarios constituídos na Cámara que se relacionan ao longo desta acta.

Don Miguel Santalices Vieira (presidente) preside a sesión xunto con don Diego Calvo Pouso (vicepresidente 1.º) e dona María Corina Porro Martínez (secretaria), que dá fe do acto.

Asiste como asesor o letrado oficial maior, don Xosé Antón Sarmiento Méndez.

Para estes efectos, remitíuselles a convocatoria a todos os deputados e deputadas adscritos á Comisión coa seguinte **orde do día:**

"Punto 1.º- Constitución da Comisión.

Punto 2.º- Elección da Mesa da Comisión".

Punto 1.º- Constitución da Comisión
(11/COCE-000002)

O señor presidente abre a sesión e solicita da señora secretaria, dona María Corina Porro Martínez, a lectura dos nomes dos membros designados polos grupos parlamentarios para integrar a Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, co fin de verificar a existencia de quórum e de que poida constituírse a Comisión.

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Don Martín Fernández Prado
Don José Luis Ferro Iglesias
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Don Xosé Luís Bará Torres
Don Paulo Ríos Santomé
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Dona Paloma Castro Rey
Dona Patricia Otero Rodríguez

Logo da comprobación da existencia de quórum, o señor presidente declara constituída formalmente a Comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 2. Elección da Mesa da Comisión
(11/CEEM-000018)

O señor presidente recorda que esta comisión ten carácter paritario e que a elección da Mesa debe facerse de xeito ponderado.

Xa que logo, indícalle aos grupos parlamentarios que propoñan as súas candidaturas para integrar a Mesa da Comisión.

Don Martín Fernández Prado (P) dá conta dunha proposta de composición de Mesa da Comisión e, ao non se manifestar ningunha obxección, enténdese aprobada por asentimento.

Xa que logo, a Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria de Galicia resulta configurada do xeito seguinte:

Mesa:
Don Martín Fernández Prado (G. P. Popular de Galicia –P-)
Presidente
Don José Luís Ferro Iglesias (G. P. Popular de Galicia –P-)
Vicepresidente
Dona Patricia Otero Rodríguez (G. P. dos Socialistas de Galicia –S-)
Secretaria

Vogais:
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Don Xosé Luís Bará Torres
Don Paulo Ríos Santomé
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Dona Paloma Castro Rey

Remata a sesión ás 13:05 horas.

María Corina Porro Martínez
Secretaria

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

María Corina Porro Martínez, Secretaria
Firmado digitalmente por María Corina Porro Martínez, Secretaria
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Corina Porro Martínez, Secretaria, email=corina.porro.martinez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.10.30 11:09:39 +01'00'

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.10.30 11:10:00 +01'00'